

POSTA EN MARCHA

REDE DE TICS NO ENSINO

*Unha oportunidade para a cooperación na
posta en valor*

DECEMBRO 2011



I+D+I



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
Dirección Xeral de Relacións Laborais

SUMARIO



1. ¿POR QUE A REDE TEMÁTICA?
2. INTEGRANTES DA REDE
3. EXPERIENCIA TIC DAS COOPERATIVAS DE ENSINO
4. PRIORIZACIÓN DE PROBLEMÁTICAS NO ENSINO
5. OBXECTIVOS CONCRETOS DA REDE
6. PROPOSTA DE PARTICIPANTES
7. FUNCIONAMENTO DA REDE
8. PROPOSTA DA PRIMERA REUNIÓN

1. ¿POR QUE A REDE TEMÁTICA?

A misión da Rede Temática e crear **un foro de discusión estable** para poñer en contacto a **cooperativas e a outras empresas, grupos de investigación ou centros tecnolóxicos**, etc. interesados en promover as **TICS NO ENSINO** con diversas finalidades:

- ✓ **RELACIONAL:** Poñer en relación as cooperativas do ensino con outras empresas e entidades interesadas neste temática
- ✓ **INFORMATIVA E DE REFLEXIÓN:** Analizar problemáticas comúns, compartir información e establecer posicións comúns.
- ✓ **IMPULSO DE PROXECTOS:** Potenciar a cooperación entre os participantes, valorando ideas de proxectos de I+D+i de interese entre os participantes.

O proxecto I+COOPERA, impulsado pola Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Traballo e Benestar, ten como principal obxectivo promover un sector cooperativista máis competitivo mediante o **impulso de proxectos e actividades diversas de investigación, de desenvolvemento tecnolóxico e innovación.**

Máis información:

www.innovacioncooperativas.com

2. INTEGRANTES DA REDE

A Rede se define como un foro aberto, onde a priori se identifican a seguinte tipoloxía de participantes:



GRUPOS INTEGRANTES

1. COOPERATIVAS DE ENSINO

Identifican as necesidades e problemáticas a abordar, son potenciais **coparticipantes** nos proxectos que poidan xurdir e as principais responsables na **implementación** dos mesmos.

2. SECTOR TIC

Integrado por empresas do sector TIC (tecnoloxías da información e comunicación) que poden aportar a súa **capacidade tecnolóxica, colaboración e experiencia** para abordar proxectos colaborativos.


3. SECTOR EDITORIAL E OUTROS

Integrado por **empresas editoras**, así como por outras entidades vinculadas coa **elaboración de contidos e edición**.

3. EXPERIENCIA TIC DAS COOPERATIVAS DE ENSINO

Experiencia Previa

Experiencia previa en proxectos TIC



Tipoloxía de proxectos desenvoltos

- Proxecto Abalar (40% das cooperativas teñen participado, cunha valoración pouco positiva en xeral).
- Implantación TIC, informatización e dixitalización de aulas
- Dixitalización contidos

PROCESO DE ESCOITA

A información sobre a caracterización das cooperativas de ensino foi obtida a través dunha enquisa realizada en colaboración con UCETAG (Unión de Cooperativas de Ensino de Galicia) durante o mes de outubro de 2011 entre os seus asociados.


En total foron recibidas 10 enquisas.



3. EXPERIENCIA TIC DAS COOPERATIVAS DE ENSINO

Experiencia Previa

Experiencia previa en cooperación e presentación de proxectos



EXPERIENCIA EN COOPERACIÓN


As cooperativas de ensino teñen unha escasa cultura colaborativa entre si e tampouco teñen unha práctica estendida en canto á solicitude de proxectos a fontes de financiamento público.

Polo tanto, a posta en marcha desta Rede de Colaboración quere contribuír a **crear sinerxias entre as cooperativas de ensino** de UCETAG e a **crear oportunidades de colaboración con outras entidades** para impulsar proxectos TIC que se poidan candidatar a fontes de financiamento públicas.

3. EXPERIENCIA TIC DAS COOPERATIVAS DE ENSINO

Aspectos que favorecen o I+D+i nas cooperativas

Aspectos que contribúen a favorecer o I+D+i



COMO FAVORECER O I+D+i

As cooperativas teñen claro que é necesario o **apoio das Administracións Públicas**, especialmente a través de financiamento.

Se considera clave **ter información** en tempo real así como **formación especializada sobre I+D+i** para sentar as bases para desenvolver proxectos.


Non obstante **a existencia dun rede de colaboración** o **principal aspecto** detectado como elemento para favorecer a xeración de proxectos conxuntos de I+D+i.

4. PRIORIZACIÓN DE PROBLEMÁTICAS NO ENSINO

Proxectos TIC e nivel de formación

9 de cada 10 enquisados considera que os proxectos de I+D+i no ensino deben ir ligados dalgún xeito coas TIC. Sen embargo se detecta unha **debilidade en canto o nivel de formación e coñecementos do profesorado**, que na súa inmensa maioría se puntúa como “medio”.

Formación e coñecementos do profesorado en TICs




FORMACION TIC

A rede de TIC no Ensino se configura tamén como unha oportunidade para implementar outro tipo de proxectos máis orientados á formación e actualización das competencias dos profesores no manexo das diferentes ferramentas tecnolóxicas e ferramentas de información que se van implementando nos colexios.

A rede pode ser a base para a definición dun programa de formación específico e asesoramento para os profesores dos colexios.

4. PRIORIZACIÓN DE PROBLEMÁTICAS NO ENSINO

Disposición a participar en proxectos TIC



Existe unha boa disposición a priori para participar en proxectos TIC, indicado por 8 das 10 cooperativas de ensino enquisados.

Temáticas e proxectos de I+D+i de interese

As principais temáticas apuntadas son, por esta orde:

1º: Desenvolvemento de contidos TIC

Para o aprendizaxe dos alumnos, a xeración de dinámicas de aprendizas cooperativo e a incorporación do galego,

2º: Informatización e emprego de novas ferramentas TIC nas aulas


3º: Proxectos de inmersión lingüística orientados a incorporación do inglés

Proxectos de intercambio de alumnos e profesores con colexios de fala inglesa.

5. OBXECTIVOS CONCRETOS DA REDE

De acordo coas finalidades da rede apuntadas e coas problemáticas e necesidades das cooperativas do ensino, os obxectivos concretos serían:

- ❖ **Crear un marco de relación** entre o sector do ensino cooperativo e outros sectores como é o TIC e o editorial.
- ❖ **Manter un foro de relación que permita analizar a situación actual e as problemáticas** en canto a incorporación ou implementación das TIC no ensino.
- ❖ **Identificar axentes con capacidades** e experiencia para poder definir e levar a cabo proxectos que aborden as problemáticas detectadas.
- ❖ **Concretar posibles proxectos**, ben entre todos os participantes ou ben so por unha parte deles



6. PROPOSTA DE PARTICIPANTES

A proposta de participantes sería a que segue:



A. COOPERATIVAS ENSINO

1. UCETAG
2. Colexio Ferroviario
3. Colexio Rías Altas
4. Colexio Andaina
5. Colexio Guillelme Brown
6. Colexio Santiago Apostol
7. Colexio Atlántida
8. Colexio Luis Vives
9. Colexio Mendiño

B. SECTOR TIC

1. INEO, Asociación multisectorial de nuevas tecnologías de la información y comunicación
2. SXMIT
3.

SECTOR EDITORIAL E OUTROS

1. CPGLG - Cluster do Produto Gráfico e do Libro Galego
2.
3.

7. FUNCIONAMENTO DA REDE

Se propón un mecanismo de funcionamento da Rede áxil e dinámico que se adapte as circunstancias dos participantes.

A priori se define o seguinte **esquema de traballo**:

1. As asociacións sectoriais **UCETAG, INEO e CPGLG** terán un papel relevante na identificación e dinamización das cooperativas/empresas para a súa participación na Rede.
2. Como **secretaría técnica** actuaría a empresa **EOSA Consultores**, como responsable da execución do proxecto I+Coopera.
3. Se propón a celebración de **reunións presenciais** no marco da Rede, cunha **orde do día predefinido** e orientadas a adquirir **compromisos concretos**.

ESQUEMA DE FUNCIONAMIENTO

A Rede que se propón ten un esquema de funcionamento flexible e aberto ao que así se decida por parte dos participantes.

A participación na Rede se articularía a priori a través das tres entidades de representación sectorial.

En canto ao seu funcionamento, tras unha primeira reunión presencial, se decidirá a frecuencia dos encontros, presenciais ou a distancia, os seus integrantes e finalidades concretas.

7. PROPOSTA DA PRIMEIRA REUNIÓN DA REDE

A primeira reunión da Rede de TICs no Ensino respondería ás seguintes **características**:

- ❖ **Obxectivos:** Formalizar o arranque da Rede, coñecer as necesidades e experiencias dos participantes e facer un primeira diagnose sobre intereses comúns e oportunidades de colaboración.
- ❖ **Lugar e data de celebración:** Vigo, 23 decembro 2011
- ❖ **Formato:** reunión integrada por un máximo de 8 – 10 participantes cun moderador e cunha duración aproximada de 2,5 - 3 horas.
- ❖ **Resultados a lograr:** identificar posibles liñas de colaboración común entre os participantes e proposta, fixando tarefas e compromisos a acadar de cara a seguinte reunión.

ORDE DO DÍA DA REUNIÓN

A proposta da orde do día da primeira reunión sería:

1. Breve presentación dos participantes (10 min.)
2. Exposición das necesidades das cooperativas de ensino en TIC. (30 min.)
3. Exposición das capacidades e experiencia dos participantes do sector TIC e editorial (30 min.)
4. Debate. Identificación de oportunidades de colaboración (60 min.)
5. Resumo de conclusións e compromisos adquiridos (15 min.)

REDE DE TICS NO ENSINO

*Unha oportunidade para a cooperación na
posta en valor*



I+D+I